



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

UVIGO 1101 Nº 20040014810

Na reunión do Comité intercentros celebrada o 21 de setembro de 2004 un dos asuntos a tratar era: "Interpretación da xerencia sobre o pagamento dos trienios ao persoal con contratos de curta duración". Este tema levouse ao Pleno do CI ao confirmar que o persoal laboral contratado cada vez que asina un contrato ten que volver a solicitar o recoñecemento dos trienios.

Tras expoñer e debater esta cuestión, o Pleno entende que a interpretación que fai a empresa é subxectiva e economicamente lesiva para os intereses dos traballadores e traballadoras contratados/as con trienios recoñecidos, pois cada vez que asinan un contrato se lles está a obrigar solicitar de novo o recoñecemento, de tal xeito, que comezan a cobrar a partir do primeiro día do mes seguinte a data de solicitude.

Para poñer fin a esta discriminación o CI esixe que ao persoal contratado con trienios recoñecidos na Universidade de Vigo, ou noutras administracións públicas, se lle paguen de xeito proporcional ao tempo traballado, tal e como se fai co resto dos conceptos retributivos. O CI pide tamén que se detecten os/as posibles prexudicados e que se lles abone as cantidades que deixaron de percibir.

Para coñecer como se está a interpretar noutras administracións esta cuestión falei telefonicamente co xefe de servizo da Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia quen me confirmou que nese organismo os trienios ao persoal laboral se pagan de acordo co establecido na orde de 6 de agosto de 2003 (publicada no DOG de 14/08/04). O recollido en dita orde coincide coa petición que neste escrito fai o órgano de representación do persoal laboral

Vigo, 24 de setembro de 2004.

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO